

Agora

Outes



PROGRAMA DE GOBERNO

—

ELECCIONES OUTES 2019

Outes
con
ideas
claras



Outes
con
ideas
claras

María Xosé
Suárez
Castro

Candidata á alcaldía



—Saúda María Xosé Suárez Castro —Candidata á alcaldía

Cremos nun Outes con futuro, no que se poña en valor todo o noso potencial como concello aproveitando os nosos recursos. Porque en Outes témolo todo: situación xeográfica privilexiada, patrimonio, paisaxe, gastronomía, marisqueo e outros moitos recursos desaproveitados, pero sobre todo, temos xente, xente valiosa que, a pesar do pouco apoio e das dificultades, crea empresas e traballo, que moitas veces remata levándoas para outros concellos porque no noso non atopan posibilidades nin axuda.

Outes precisa dun goberno que teña proxecto e iniciativa. Un goberno que traballe para arranxar o mais básico pero tamén para liderar as iniciativas que saquen ao noso concello do constante deterioro no que nos vemos actualment

O BNG de Outes aposta por Outes e pola súa xente, **nós somos de aquí e vivimos aquí**, sabemos do potencial do noso concello e das súas carencias, e temos un proxecto xeral: social, turístico e económico para que no noso concello se poida vivir e traballar, para

que, coa túa axuda, Outes teña o recoñecemento que se merece e sexa, por fin, o referente da ría

É o momento, **este 26 de maio temos unha oportunidade histórica** de mudar o rumbo cara un concello aberto á veciñanza, que dignifique a súa identidade e que aposte polo seu. Por iso, agora máis ca nunca, súmate a un tempo novo, porque o mellor está por descubrir.

Vota BNG, Outes con ideas claras, Agora Outes.



_Programa de goberno


_Servizos sociais, sanidade e igualdade

- Crearemos unha escola infantil para axudar na conciliación familiar e laboral.
- Implantaremos un servizo de madrugadores regulado no colexio para axudar ás familias que o precisen.
- Traballaremos pola consecución dunha residencia pública para o noso concello.
- Poremos en funcionamento a vivenda comunitaria do centro de día para facilitar a vida de persoas maiores que viven soas e non contan con ninguén para o seu coidado.
- Ampliaremos a cobertura do servizo de atención a domicilio para as persoas dependentes.
- Melloraremos o servizo de xantar no fogar.
- Financiaremos un servizo de transporte para conectar Outes entre as parroquias e facilitarlle a vida a aquelas persoas, sobre todo maiores, que non dispoñen de transporte.
- Presionaremos e loitaremos para que non se retire o servizo de pediatría.
- Traballaremos pola implantación da hospitalización a domicilio en Outes.
- Solicitaremoslle á consellaría de Política Social da Xunta de Galiza que Outes estea incluído na área de Santiago de Compostela na Equipa de Valoración de Discapacidades.
- Dotaremos de orzamento necesario o CIM para crear máis campañas de sensibilización en igualdade e prevención de violencia de xénero.



_Obras, servizos, medio ambiente e espazos públicos

- Crearemos un plan de rehabilitación e mantemento para arranxar todos os espazos públicos do noso concello.
- Traballaremos pola mellora dos servizos de telecomunicación. Queremos rematar coas zonas sen cobertura telefónica, tv e sen conexión a internet. Faremos todo o posíbel para conseguir a implantación da fibra óptica.
- Desenvolveremos un plan de saneamento. Arranxaremos a depuradora xa existente e crearemos novas onde sexa preciso.
- Aumentaremos o servizo de saneamento e depuración de augas residuais.
- Traballaremos para estender o subministro municipal de auga a aquelas vivendas que o precisen e soliciten.
- Fomentaremos a reciclaxe e o consumo responsábel.
- Melloraremos, despois dun estudo a fondo, o servizo de recollida de lixo e punto limpo.
- Renovaremos os contedores e faremos unha anclaxe estética de todos.
- Crearemos unha ordenanza e darémoslle cumprimento para rematar cos vertedoiros incontrolados de lixo.
- Crearemos un servizo de recollida de lixo voluminoso para o punto limpo por parroquias e baixo demanda.
- Aumentaremos o horario do punto limpo.
- Poremos a disposición máis contedores de vidro, papel e aceite doméstico.
- Aumentaremos a frecuencia de recollida selectiva do lixo.
- Investiremos na conversión a un consumo eficiente e tecnoloxías verdes nos edificios de titularidade municipal e adaptaremos o alumeadado público ao sistema LED.
- Crearemos unha liña de axudas para o mantemento de franxas de protección forestal.
- Recuperaremos e dignificaremos a zona protexida da marea do conchido.
- Revisaremos a ordenanza municipal de tráfico para adecuar e mellorar o tránsito rodado.
- Crearemos un plan, a longo prazo, de desenvolvemento dos lugares habitábeis así coma dun proxecto urbanístico claro e cohesionado.
- Arranxaremos, xunto coas decisións da veciñanza nas asembleas parroquiais, as estradas que se atopan en peor condición.
- Reivindicaremos o desdobre do corredor de Santiago.
- Eliminaremos as barreiras arquitectónicas e de comunicación (braile).
- Eliminaremos as taxas municipais para as obras dedicadas á eliminación de barreiras arquitectónicas.
- Aumentaremos as prazas de aparcadoiro para persoas con diversidade funcional.
- Revisaremos o plan urbanístico do concello e adaptarémoslo ás necesidades actuais.



- Ampliaremos o paseo Tins ate a Pontenafonso de xeito respectuoso coa contorna e accesíbel para todas as persoas.
- Conectaremos os paseos e sendeiros públicos dende o Freixo ate o paseo fluvial do Tins de xeito respectuoso coa contorna e accesíbel para todas as persoas.
- Faremos un inventario público coas propiedades do concello.
- Apostaremos por unha sinalización correcta dos lugares e locais.
- Analizaremos a situación actual da Beiriña do Mar (Hotel de Broña) e buscaremos unha solución.
- Crearemos un novo aparcadoiro en Broña.
- Habilitaremos un lugar para auto-caravanas co seu propio regulamento.
- Buscaremos un novo uso para as instalacións do Colexio Emilio Navasqués.
- Crearemos un plan de actuación para a recollida de animais abandonados e a promoción dun refuxio mancomunado.
- Reforzaremos a brigada de limpeza
- Manteremos os servizos de limpeza nos espazos públicos fora da tempada de verán.
- Traballaremos para conseguir que esteamos adscritos ao Rexistro da Propiedade de Noia en troques do de Corcubión.
- Lideraremos unha iniciativa, xunta cos concellos da ría, para demandar que os concellos que verten no río Tambre avancen na súa depuración das augas residuais.
- Melloraremos as instalacións do colexio (ximnasio, patio, baños) e construiremos un parque cuberto para infantil.




Educación, cultura, deportes, mocidade e normalización

- Recuperaremos o carácter de festival musical do Amencer e do Pampallín apostando, tamén, pola música propia.
- Engadiremos novas actividades á programación cultural do Pampallín apostando pola recuperación da tradición.
- Crearemos de ligas e eventos deportivos municipais.
- Aumentaremos a oferta cultural desenvolvendo máis actividades coma o cine ao aire libre, teatro, concertos, festivais...
- Defenderemos e faremos promoción da lingua galega.
- Defenderemos a identidade de Outes así coma a posta en valor do noso patrimonio inmaterial.
- Elaboraremos unha guía cultural e histórica do noso patrimonio.
- Recuperaremos as nosas festas tradicionais.
- Promocionaremos todo tipo de deportes apostando, incluso, naqueles que son minoritarios.
- Incluiremos Outes na rede galega de Teatro e auditorios.
- Poremos en marcha unha escola de teatro.
- Crearemos un local de ensaio.
- Crearemos un espazo de deportes mixtos ao aire libre (bodywork, skate).
- Crearemos un parque infantil cuberto.
- Melloraremos as infraestruturas do colexio e instituto.
- Dotaremos ás escolas de música dun espazo propio e adecuado.
- Instaremos á consellaría de Ensino para abrir ciclos formativos de grao medio e grao superior en Outes tendo en conta as demandas laborais do noso concello.
- Fomentaremos o voluntariado medio-ambiental, social e cultural.
- Ampliaremos o horario da piscina e ximnasio.
- Traballaremos para recuperar a Casa do Poeta e Nicolasa Añón para convertela nun museo.
- Implicaremos á xuventude no desenvolvemento habitual da política local creando o consello da mocidade de Outes.



_Promoción económica, turismo, asentamento poboacional, e patrimonio

- Poremos á disposición de novos emprendedores oficinas e espazos de traballo a baixo custe para fomentar as novas empresas.
- Dotaremos o concello de solo industrial.
- Crearemos unha oficina local para o desenvolvemento económico e turístico do concello.
- Apostamos por unha industria sostible, ecolóxica e socialmente xusta. Unha industria que coide o espazo natural e que tamén xere empregos de calidade.
- Crearemos un plan estratéxico a longo prazo de turismo sostíbel, rendíbel e beneficioso para o concello.
- Instalaremos e manteremos unha oficina de atención ao turista.
- Deseñaremos un plan de promoción local específico.
- Fomentaremos a creación de cooperativas.
- Buscaremos unha solución para a venda de excedentes de produtos por parte de particulares
- Reivindicaremos o Berberecho do Freixo, de Outes.
- Traballaremos para adscribirnos ao servizo público de emprego de Noia en troques do de Compostela.
- Crearemos novos roteiros de sendeirismo e manteremos os actuais.
- Crearemos puntos de avistamento de aves na xunqueira.
- Sinalizaremos os puntos de interese turístico e locais de hostalaría.
- Promoveremos a colaboración entre clubs deportivos, comercio e sector turístico para o desenvolvemento de eventos de carácter festivo, cultural e deportivo.
- Traballaremos pola dignificación e promoción da Pontenafonso. Cremos urxente a recuperación do chan empedrado e bordes de canteira, a limitación do tráfico rodado e a implantación de iluminación monumental.
- Crearemos un museo municipal etnográfico que recolla os diferentes aspectos tradicionais do noso concello.
- Crearemos unha guía pública de espazos públicos, históricos e patrimoniais dispoñíbel para todos os cidadáns.
- Poremos en funcionamento un mercado municipal onde se promova o produto local e sirva como atractivo para dinamizar o comercio.
- Coidaremos e dignificaremos o patrimonio municipal.
- Xestionaremos a denominación de orixe para os Sancosmeiros.
- Promoveremos a recuperación de obradoiros para a elaboración de Sancosmeiros.
- Poremos en funcionamento unha bolsa municipal de vivenda tanto para o aluguer como para venda.
- Traballaremos para o aumento de vivenda social no concello. -Sacaremos unha liña de axudas para a rehabilitación de vivendas.
- Crearemos unha liña de axuda a emprendedores para axudar na creación de novas empresas.



_Participación e democracia

- Crearemos as asembleas veciñais onde, cunha periodicidade mínima anual, se decidiran as accións urxentes de cada parroquia mediante votación e proposta. Apostamos por uns orzamentos participativos.
- Crearemos unha aplicación móbil dende onde poder realizar as xestións máis básicas así como solicitar arranxos e pór queixas.
- Crearemos un protocolo de actuación anti-corrupción.
- Apostaremos pola transparencia publicando as contas dos cargos políticos na web do concello.
- Reduciremos os soldos da alcaldía e tenencia alcaldía.
- Anovaremos a páxina web do concello.
- Crearemos contas do concello nas redes sociais.
- Promover e apoiar o asociacionismo.
- Aplicación da lei de memoria histórica.
- Traballaremos pola dixitalización do arquivo municipal.
- Implantación do sistema de vídeo-acta para os plenos municipais así coma a publicación das actas, resolucións e anuncios de datas.
- Apostaremos por plenos participativos e abertos.



_Defensa dos intereses da veciñanza

Todos os puntos expostos neste programa e todas aquelas iniciativas que poidamos desenvolver dende o goberno local estarán sempre supeditadas ao interese maioritario da veciñanza. Os principios democráticos do BNG son claros: defendemos un goberno aberto, que teña en conta sempre a opinión da veciñanza e que dote de ferramentas á mesma para ter poder de decisión.

É por iso polo que este programa é un programa aberto, todas as achegas da veciñanza así coma outras iniciativas que poidan xurdir do propio funcionamento do goberno e que sexan beneficiosas para o futuro de Outes serán incluídas.

Non queremos volver esceas coma a que vimos neste mandato co peche do colexio Emilio de Navasqüés onde o concello se virou de costas de cara aos afectados ou mesmo coa proliferación de proxectos de novos parques eólicos no noso termo municipal dos que o goberno saínte aínda non se dignou a informar á veciñanza.

O futuro goberno do BNG defenderá sempre os intereses dos veciños de Outes en tódolos ámbitos. O primeiro sempre deben ser as persoas e iso é algo que nos caracteriza coma equipo e como partido.

Cremos os seguintes puntos primordiais en canto á defensa da veciñanza:

- Acompañaremos sempre as loitas veciñais xustas.
- Traballaremos para defender os intereses da veciñanza negociando directamente coas empresas que proxectan crear novos parques eólicos no noso concello.
- Loitaremos pola dignificación do Berberecho que tamén se recolle no noso termo municipal.
- Crearemos o Carné cidadán de Outes. Un carné multi-función válido para obter descontos no comercio local, facilitar o acceso a servizos e edificios municipais e que dará preferencia á veciñanza empadroada no concello.



Vota

Agora



Coas
Ideas
Claras

Outes